

## **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE ACCESO E PRESENZA MEDIANTE LECTOR DE TARXETA CHIP E PROXIMIDADE PARA O CONCELLO DE AMES**

### **1.- ANTECEDENTES**

O Concello de Ames dispón na actualidade dun sistema de control de acceso e presenza mediante un sistema de lector de pegada dixital da marca Inology . Este sistema ten unha serie de carencias tales como: lectores de pegada sensíbles de ser manipulados ou anulados, software de xestión incompleto e moi limitado funcionalmente; consultas limitadas, imposibilidade de xerar listados aplicando determinadas filtraxes así como outra serie de funcionalidades que fan rexeitar dito sistema.

O ritmo de evolución experimentado nos últimos anos, tanto no terreo técnico como nas capacidades de lecturas mediante tarxeta chip e proximidade, fai que sexa necesario expor unha renovación do actual sistema, buscando mellorar a seguridade e identificación no control de acceso e presenza nas dependencias do Concello de Ames.

### **2.- OBXECTO**

A finalidade do presente documento é establecer o marco de condicións técnicas e funcionais requiridas polo Concello de Ames para o subministro e implantación dun novo sistema de control de acceso e presenza para as dependencias do Concello de Ames, baseado en lector de tarxeta chip e proximidade.

Asemade, preténdese poñer en marcha un portal do empregado que aporte dar máis información ao usuario dos seus accesos, tales como tempo traballado, hora de entrada e saída.

### **3.- ALCANCE**

O alcance deste prego será de subministro e instalación de:

- Software de control horario e presenza coas características e funcionalidades descritas no punto 5.1 dentro do apartado 5 “Requisitos funcionais”.
- Subministro e instalación de tódolos módulos/fontes de alimentación, cables de alimentación, sistema de cableado estruturado (RJ45 Categoría 5E apantallado) e mecanizacións necesarias para o correcto funcionamento do sistema de xeito global.
- 10 unidades de control e lector de accesos con lector tarxetas de proximidade, criptográficas CERES e DNI electrónico (2.0/3.0) de identificación ou verificación e lector de proximidade de 125 KHz., para 1 porta, segundo características descritas no punto 5.3 Unidade de control e lector de accesos do apartado “5. Requisitos Funcionais”, e localizados nas seguintes dependencias:
  - Casa do Concello (Bertamiráns)
  - Policía Local / Urbanismo (Bertamiráns)
  - CPD / Nave brigadas / Radio Ames (Bertamiráns)
  - Casa de Cultura de Bertamiráns (Bertamiráns)
  - Escola Infantil “O Bosque” (Bertamiráns)
  - Pazo da Peregrina (Bertamiráns)
  - Casa de Cultura de Milladoiro (Milladoiro)
  - Escola Infantil “A Madalena” (Milladoiro)
  - Oficinas centrais / Servizos Sociais (Milladoiro)
  - Biblioteca municipal (Milladoiro)
- MIGRACIÓN DE DATOS: traspaso de datos da versión Microsoft SQL Server Express actual do Concello de Ames ao ó novo sistema subministrado.

#### 4.- EQUIPO DE TRABAJO

A empresa adjudicataria deberá garantizar la participación de personal cualificado con contrastada experiencia en proyectos de control de Accesos y Presencia con tarjeta chip e proximidad para la Administración Pública.

Los integrantes de equipo y sus perfiles tendrán que ser puestos en conocimiento del Concello de Ames al comienzo del proyecto, así como cualquier cambio en su composición durante su transcurso, que deberá cumplir los requisitos anteriormente citados.

#### 5.- REQUISITOS FUNCIONALES

Los requisitos funcionales que deberá cumplir el sistema son:

##### 5.1.- Software de control de accesos, horario y presencia

- Entorno web que funcione desde un navegador
- Escalable en función del crecimiento del Concello de Ames
- Integrarse con control de accesos subministrado
- Módulos de presencia y accesos
- Control y gestión
  - Funcionalidad para la generación de código QR por impresión.
  - Funcionalidad para la generación y envío de código QR por correo electrónico.
- Integración con portal de empleado y software para la gestión de nóminas.
- Interfaces con programas de nóminas, RRHH, Portal del Empleado, etc.
- Listados personalizables
- Posibilidad de integración con otros sistemas y/o software mediante API'S y Web-Services
- Instalable en entornos VMWare vSphere 5.5
- Integración con dispositivos móviles (disponibilidad de una APP para móvil).
- Licencia para, al menos, 235 usuarios.
- Compatibles con base de datos SQL Server
- Opción del idioma de interfaz en gallego <sup>1</sup>
- Solicitudes con imputación y límite de días anuales (vacaciones, asuntos propios...):
  - Deben ser imputadas a un año, y tienen un límite de días por año de imputación y pueden ser disfrutados hasta el 15 de enero del siguiente año.
  - Neste tipo de solicitudes inclúense as de vacacións (22 días laborables + adicionais por antigüidade) ou as de asuntos propios (8 días ao ano para o 2017→ estes días son variables por cada ano + adicionais por antigüidade).
    - Los días adicionales de asuntos propios por antigüidade están vinculados al cumplimiento de trienios de éxito que se engaden del siguiente éxito:
      - + 6º trienio: + 2 días
      - + 7º trienio: + 0 días
      - + 8º trienio: + 1 día
      - + 9º trienio: + 1 día
      - + 10º trienio: +1 día
      - + A partir del 8º trienio, engádese un día adicional.
    - Los días adicionales de vacaciones por antigüidade están ligados al cumplimiento de los siguientes años de trabajo:
      - + Por 15 años de servicio corresponden 23 días hábiles de vacaciones
      - + Por 20 años: 24 días
      - + Por 25 años: 25 días
      - + Por 30 o máis años de servicio: 26 días (sendo estes días os máximos dispoñibles por vacacións).
    - A consulta de solicitudes contera todos os días do tipo de permiso solicitados para o ano de imputación así como os días aos que ten dereito cada traballador/a e os días que lle restan, de ser o caso.
    - No caso de querer anular días xa autorizados, estes deberán manterse no sistema cunha marca de anulado volviendo a estar dispoñible no cómputo

<sup>1</sup>.- Disponible en la actualidad o en un prazo máximo dun ano a contar desde a data de adjudicación do contrato.

de días dispoñibles para solicitar. Serán os traballadores/as os que soliciten a anulación e ésta deberá ser validada polo seu responsable directo.

- Solicitudes independentes (asistencia a exames, acompañamento a familiares, mudanza, asistencias a xuízos, concurrir a exames ou probas oficiais, etc...):
  - Estas solicitudes non teñen un límite anual polo que cada solicitude é independente e non está relacionada coas demais do mesmo tipo.
  - As solicitudes non terán valor ata a súa aprobación, e de ser o caso ca presentación e validación dos xustificantes que correspondan (p.exemplo: xustificante de asistir a unha cita médica). Por este motivo deberá dispor dunha opción para subir á plataforma das xustificacións que correspondan en cada caso.
  - En canto ao cómputo de prazos, existen diferentes tipos de cálculos, hai permisos que poden ser:
    - **en días naturais:** todos os días do ano. Por exemplo: permiso por enfermidade moi grave dun familiar, permiso sen soldo, permiso por asuntos propios, permiso por matrimonio..etc.
    - **en días hábiles:** de luns a venres, agás festivos. Por exemplo: falecemento dun familiar, hospitalización dun familiar, ...etc.
  - No relativo á xestión do tempo de traballo:
    - Este servizo permitirá acceder á consulta das fichaxes diarias. Unha vez se acceda deberá mostrar unha pantalla cun formulario de entrada de datos que lle permita realizar unha procura da información máis precisa con indicación dunha data de inicio e unha data de fin.
    - Tras premer sobre o botón habilitado para tal efecto presentárase unha listaxe limitada por unha cantidade de elementos e divididos por páxinas.
    - A información que se mostrará na listaxe de elementos deberá ser, a lo menos, a seguinte:
      1. Data de entrada
      2. Data de saída
    - Deberá permitir a configuración dos diferentes horarios dos traballadores/as municipais (horarios xerais, a quendas, reducidos, flexibles, cambios puntuais de quendas....).
    - Para a elaboración de informes, debe preverse o tempo de presenza obrigada no posto de traballo para cada un dos horarios existentes.
    - A xornada excedente do tempo de obrigada presenza poderá ter ou non o carácter de horas extras (está en fase negociación o desenvolvemento dun regulamento para a xestión horaria), a aplicación deberá prever a posibilidade de autorizar as horas extras por medio da plataforma e estas horas poden ser autorizadas para compensar con tempo de traballo, poden ser remuneradas ou poden ser parcialmente remuneradas e compensadas con tempo de traballo.
    - No caso das horas que poden ser compensadas con tempo de traballo, estas horas deben constar no crédito de permisos dispoñibles do traballador sendo a compensación das horas extras a razón de:
      - + **Horario normal**, o comprendido entre as 06:00 e as 22:00 horas dun día que non sexa domingo nin festivo. Compensación: 1,5 horas por cada hora traballada.
      - + **Nocturno:** traballo en período nocturno, o comprendido entre as 22:00 horas e as 06:00 horas do día seguinte. Compensación: 2 horas por cada hora traballada.
      - + **Festivo:** traballo en período festivo, o comprendido entre as 06:00 e as 22:00 horas dun domingo ou festivo. Compensación: 2 horas por cada hora traballada.

- + **Nocturno e festivo:** traballo en período nocturno e festivo, o comprendido entre ás 22:00 horas da véspera e as 06:00 da mañá de cada domingo ou festivo. Compensación: 3 horas por cada hora traballada.

#### **Configuración de accesos:**

- Permitirá definir niveis de acceso por persoa e por zona, podendo asignar mais dun acceso por persoa.
- Permitirá definir lectoras, zonas e calendarios específicos para cada lectora.

#### **Monitor do operador:**

- Visualización no monitor da fotografía do usuario/a que realiza a marcaxe, facilitando así a xestión de seguridade de entrada na instalación.
- O operador poderá realizar accións dende o seu ordenador, tales como: abrir, bloquear ou liberar o estado dunha tarxeta.

#### **Presentes:**

- Permitirá coñecer quen hai exactamente no recinto controlado.
- Obtención de información dun xeito rápido e fácil. En poucos segundos deberase poder obter un listado de emerxencia organizado por puntos de reunión.
- Facilitará a visualización por pantalla das persoas que estean no Concello de Ames e a súa localización en diferentes zonas en tempo real

#### **Calendarios:**

- Permitirá a selección do número de meses a visualizar e a creación de ciclos que poderán reutilizarse en calquera calendario persoal.
- Terá funcionalidades que axuden a crear, modificar calendarios patróns e unha función que permita copiar ciclos.
- Permitirá tanto a programación de horarios (quendas) como de incidencias (absentismos xustificadas).

#### **Marcaxes:**

- Visualización de marcaxes realizados
- Entrada de incidencias (absentismos xustificadas) sen necesidades de marcaxes
- Cálculo en tempo real dos conceptos horarios (tipos de hora) e incidencias
- Programación de absentismos prolongados
- Programación de absentismos xustificadas e cambios de quenda para o mes en curso

### **5.2.- Terminais de control horario, presenza e accesos con lector tarxetas criptográficas CERES e DNI electrónico (2.0/3.0)**

Terminal de control de accesos, horario e presenza con lector de tarxeta chip e proximidade para instalacións nas que se require un alto nivel de seguridade de acceso e simple verificación da identidade.

#### **Identificación:**

- Só empregando tarxeta de proximidade ou tarxetas criptográficas CERES e DNI electrónico (2.0/3.0)
- con código PIN en caso de falla ou bloqueo da tarxeta

#### **Verificación:**

- Tecleando un PIN
- Empregando tarxeta chip e proximidade

#### **Características:**

- Capacidade para gardar a información necesaria en memoria e responder as solicitudes de acceso, autorizando/denegando o acceso.
- Capacidade para recoller marcaxes de entrada/saída programada indicando a incidencia ou causa de absentismo programado.
- Visualización de saldos horarios en pantalla, gravados no propio terminal ou software.
- Visualización do texto de incidencia mostrando información de autorización ou non do acceso, toda información que necesite tras unha personalización.
- Conexións para dispositivos de acceso como pechaduras eléctricas, portas automáticas, tornos, barreiras de parking, etc..
- Conexións para actuadores sobre alarmas locais, sinais a dispositivos luminosos, semáforos, ascensores, etc..
- Disporá de entradas para detectar situacións de acceso, solicitude de acceso sen identificación con pulsador de apertura, sensores volumétricos, teclados de identificación, detección porta forzada, detección tempo excedido en apertura de porta.
- Firmware actualizado que soporte tecnoloxía biométrica capacitiva, tarxeta criptográfica, tarxeta de proximidade, lector QR e de barras precargados.

**Modos de funcionamento:**

- OFF-LINE: de forma autónoma, acumulando as marcaxes na súa memoria, ata que se restableza a comunicación co software de comunicación servidor/pc, que será cando envía os seus datos e actualízase con modificacións ou novas tarxetas.
- ON-LINE: conexión de xeito constante co software no servidor/pc, permite o envío de marcaxes, activación de novas tarxetas ou modificacións de forma inmediata

**Características técnicas:**

- Memoria para almacenar 8.700 marcaxes (tarxetas de 8 díxitos).
- Xestionar perfís de acceso para 250 usuarios, podendo chegar ata 600 tarxetas en memoria.
- Detección de porta aberta ou de tempo excedido (programable de 1 a 99sg.) en apertura de hasta 2 portas.
- Batería de retención de datos en caso de fallo de alimentación con duración máxima 1 mes dependendo do estado da mesma.
- Cambio automático programable horario inverno / verán.
- Comunicación de datos mediante: Ethernet TCP/IP 10/100 MBps (conector RJ-45).
- Índice de protección IP51 (equipo para montaxe en interior).
- Temperatura de funcionamento entre 0°C y 45°C.
- Deberá cumprir coas seguintes normativas:
  - UNE-EN 50130-4:1997 + A1:1998 + A2:2005.
  - UNE-EN 55011:1999 + A1:2000 + A2:2003.
  - UNE-EN 55022:2000 + CORR:2002 + A1:2002 + A2:2004.
  - UNE-EN 61000-4-6:2008.
- Sensor capacitivo moi resistente.
- Identificación de pausas laborais e tarefas para produción.
- As lecturas danse de alta no propio terminal ou no lector de sobremesa.
- Posibles lectoras externas: chip criptográfico, dni electrónico (2.0, 3.0), código de barras, proximidade (HiTag o Mifare).
- Dous relés de sinal e dous sensores libres de sinal.

**5.3.- Unidade de control e lector de accesos**

- Control de accesos con lector proximidade, tarxeta criptográfica CERES e DNI electrónico (2.0/3.0)
  - Xestión das solicitudes de acceso de entrada e saída
  - Información gardada na memoria do controlador

- Comunicación de datos vía Ethernet TCP/IP
- En caso de empregar dobre tecnoloxía, poderase configurar para traballar en modo identificación ou verificación:
  - Verificación: con lectura de tarxeta chip e proximidade.
  - Identificación: con lectura de tarxeta ou pin.
  - Permitirá a conexión de entradas e/ou saídas o controlador: alarmas locais, dispositivos luminosos, portas automáticas, semáforos, sensores, centrais de incendios, etc.
  - Xestión de perfís de acceso ata 8.700 marcaxes.
  - Lector tarxetas proximidade, criptográficas CERES e DNI electrónico (2.0/3.0).
  - Tecnoloxías de tarxetas de proximidade: 125KHz.
  - Grado de protección: IP50.
  - Lector NFC.
  - Lector QR.
  - Lector código de barras.

#### **5.4.- Xestión de usuarios**

O sistema permitirá establecer un control de acceso, asociando privilexios de xeito que poidan ser asignados a un rol de usuario.

#### **6.- FORMACIÓN**

Previo á entrega, o adxudicatario organizará e impartirá as accións formativas tanto a administradores da plataforma como a usuarios do novo sistema subministrado.

#### **7.- ACEPTACIÓN**

Previamente á aceptación final, o adxudicatario debe entregar en formato electrónico un rexistro que recolla os casos de proba executados, así como toda a documentación relativa o sistema subministrado e instalado.

Antes da posta en produción, o produto terá que ser formalmente aceptado polo Concello de Ames, sobre un entorno de Aceptación habilitado a tal efecto

#### **8.- ENTREGABLES**

Todos os traballos entregados pasarán a ser propiedade do Concello de Ames, non podendo ser distribuídos a terceiros sen a autorización explícita da mesma.

A documentación do proxecto entregárase en formatos Libre Office/Open Office( Writer) ou PDF, e, como mínimo, incluírá:

- Diagrama resumen/ficha técnica explicativa da arquitectura técnica implementada e as súas características máis relevantes.
- Planos e esquemas “as built” da instalación en formato .dwg
- Memoria técnica descriptiva da instalación.
- Manual para o usuario.
- Manual para o administrador.
- Plan de Probas.
- Características do dimensionamento/infraestrutura técnica necesaria para a súa posta en produción.
- Relación detallada e acreditada de implantacións de sistemas de control de acceso e presenza no sector público

#### **9.- PREZO MÁXIMO DA LICITACIÓN**

Sinalase como importe máximo da licitación a cantidade de 30.000 euros, IVE non incluído.

#### **10.- PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo máximo de execución **será de 4 semanas**, que contarán dende a data de formalización do contrato administrativo de subministración dos mesmos.

#### **11.- GARANTÍA**

O proxecto contará cunha garantía mínima **12 meses** , a contar dende a data de recepción do mesmo.

## **12.- CONFIDENCIALIDADE. PROTECCIÓN DE DATOS. SEGURIDADE.**

O adxudicatario queda expresamente obrigado a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou empregar cun fin distinto o que figura neste prego, nin tampouco ceder a outros nin sequer a efectos de conservación.

O adxudicatario e quen interveñan en calquera fase da execución deste contrato gardarán segredo sobre os datos, as informacións e asuntos os que teñan acceso ou coñecemento durante a súa vixencia, estando obrigados a non facer públicos, ceder, enaxenar ou permitir o acceso de terceiros a cantos datos ou información coñezan ou posúan como consecuencia da execución deste contrato, incluso despois de finalizar o prazo contractual, so pena de incorrer nas responsabilidades legais que correspondan. Todos os datos manexados na execución deste contrato, o resultado das tarefas realizadas o seu amparo e o soporte ou soportes empregados para a súa execución serán propiedade do Concello de Ames, sen que poida conservar unha copia ou empregalos para fins distintos dos que figuran neste contrato.

A empresa adxudicataria non aplicará ou empregará os datos dos que teña coñecemento na execución deste contrato, ou os ficheiros e bases de datos e o seu contido que lle sexan entregados polo Concello de Ames con fin/s distinto/s o que figure neste contrato, nin permitirá o seu coñecemento e acceso nin os comunicará, sequer para a súa conservación, a terceiros distintos o propio Concello de Ames.

O adxudicatario quedará obrigado o cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal e especialmente no indicado en su artigo 12, que a continuación se transcribe:

### **Artigo 12.- Acceso a datos por conta de terceiros.**

A realización de tratamentos por conta de terceiros deberá estar regulada nun contrato que deberá constar por escrito o en algunha outra forma que permita acreditar a súa celebración e contido, establecéndose expresamente que o encargado do tratamento da información unicamente tratará os datos conforme as instrucións do responsable do tratamento, que non os aplicará ou empregará con fin distinto o que figure en dito contrato, nin os comunicará, nin sequer para a súa conservación, a outras persoas.

No contrato estipularanse, animismo, as medidas de seguridade a que se refire o Artigo 9 de esta Lei que o encargado do tratamento está obrigado a implementar.

Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal tratados deberán ser destruídos ou devoltos o responsable do tratamento, o igual que calquera outro soporte ou documentos nos que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

No caso de que o encargado do tratamento destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións do contrato, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que se incurrida persoalmente. En consecuencia, si na execución do contrato fora necesario o acceso do adxudicatario a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade do Concello de Ames, o adxudicatario unicamente poderá tratar tales datos conforme as instrucións do Concello de Ames, responsable do tratamento, e non os aplicará ou empregará con fin distinto, nin os comunicará, sequer para a súa conservación, a outras persoas.

O tratamento de tales datos, por parte do adxudicatario unicamente poderá ser realizado coa exclusiva finalidade de executar o contrato suscrito co Concello de Ames. Si o tratamento de datos ten lugar, o adxudicatario comprométese o seguinte:

- + A non utilizar nin a tratar tales datos de carácter persoal cunha finalidade distinta da mencionada e a non comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequer para a súa conservación, e en especial, non reproducirá, publicará, nin difundirá ningunha información acerca de aqueles.
- + A garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas polo Concello de Ames.
- + A extinción da relación contractual por calquera causa, os datos de carácter persoal os que puidese ter acceso o adxudicatario deberán ser destruídos ou



devoltos o Concello de Ames, o igual que calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario faralle responder persoalmente das infraccións que cometa como si ocupara a posición de responsable do tratamento. A vulneración das estipulacións contidas aquí será considerada como causa xustificada de resolución do contrato, sin dereito a percepción de indemnización algunha por parte do adxudicatario nin observancia de ningún prazo de aviso previo por parte do Concello de Ames.

No suposto de incumprimento das obrigas asumidas en virtude desta cláusula, e con independencia do anteriormente exposto, o Concello de Ames reservase en todo caso o dereito de reclamar o resarcimento dos danos e prexuízos que se lle puideran causar como consecuencia de dito incumprimento.

Conforme o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, o ofertante **incluírá na súa oferta** unha memoria descritiva das medidas de seguridade que adoptará para asegurar a dispoñibilidade, confidencialidade e integridade dos datos manexados e da documentación facilitada, xunto cunha declaración na que indique expresamente a estrita observancia das obrigas aquí referidas por parte do seu persoal en xeral, e en particular, por parte das persoas asignadas a execución deste contrato.

Asemade, **deberá incluír na súa oferta** a designación da persoa ou persoas que, sen prexuízo da responsabilidade propia da empresa, estarán autorizadas para as relacións co centro directivo a efectos do uso correcto do material e da información a manexar. Xuntarase unha descrición do seu perfil profesional, e só poderán ser substituídas coa conformidade do Concello de Ames.

O adxudicatario asegurase de que os servizos prestados en virtude deste prego, así como os sistemas de información que os sustentan, préstanse de conformidade os requisitos de seguridade establecidos no Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, así como as disposicións legais ou regulamentarias relacionadas coa mesma, ou calquera actualización desta normativa o longo da vixencia do contrato.

### 13.- CRITERIOS DE VALORACIÓN OBXECTIVOS (10 puntos)

#### 13.1.- Redución nos tempos de implantación:

Criterio PRAZO DE EXECUCIÓN	Prazo máximo esixido
Prazo de execución	4 semanas

PRAZO DE EXECUCIÓN (3 puntos)	
Criterio	Puntuación
Redución no prazo de execución en unidades de 1 semana	1 punto adicional/criterio, ata un máximo de 3 puntos

#### 13.2.- Interface software no idioma galego:

IDIOMA GALEGO (2 puntos)	
Criterio	Puntuación
Interface software no idioma galego	2 puntos adicionais

#### 13.3.- Integración con outros sistemas e/ou software:

INTEGRACIÓN CON OUTROS SISTEMAS E/OU SOFTWARE (3 puntos)	
Criterio	Puntuación
Dispoñibilidade das API'S para integración con outros sistemas	1,5 punto adicional
Dispoñibilidade dos Web-Services para integración con outro software	1,5 punto adicional

#### 13.4.- Incremento no número de usuarios máximo soportado pola licenza software:



INCREMENTO DE NÚMERO DE USUARIOS MÁXIMOS ( 2 puntos)	
Criterio	Puntuación
Ata 250 usuarios/as concurrentes	1 punto
Posibilidade de ampliación a máis de 500 usuarios/as concurrentes	1 punto